

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 2 DE FEBREIRO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Proxecto de Lei de xuventude.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se dispón que cese Roberto Castro García como director xeral de Relación Institucionais e Parlamentarias.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada provincial OU-0108 denominada Allariz-Maceda dende o P.Q.18+087 ata o P.Q.18+747, a prol do Concello de Maceda.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo para a posta en marcha da iniciativa Abert@s: reutilización da información da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o proxecto sectorial denominado Proxecto sectorial de modificación do aproveitamento hidroeléctrico no río Xallas. Salto da Fervenza II.

- Acordo polo que se aproba o proxecto sectorial denominado Proxecto sectorial de modificación do aproveitamento hidroeléctrico no río Xallas. Salto de Novo Castrelo.
- Acordo polo que se aproba o proxecto sectorial denominado Proxecto sectorial de modificación do aproveitamento hidroeléctrico no río Xallas. Salto de Ponte Olveira II.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara o proxecto sectorial para a ampliación das instalacións da empresa *Plastic Omnium* en Cedeira (Redondela), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo para a aprobación inicial da Estratexia Galega da Acuicultura.

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e Farmacéuticos Mundi, para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre as liñas estratéxicas do Sistema de Bibliotecas de Galicia para o ano 2012.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre as novas certificacións e acreditacións de calidade no Servizo Galego de Saúde.

A PRIMEIRA LEI DE XUVENTUDE DE GALICIA APOSTA POLA PARTICIPACIÓN XUVENIL E GARANTE A COORDINACIÓN DAS POLÍTICAS DIRIXIDAS Á MOCIDADE

- *Unha das características máis salientables do proxecto de Lei de xuventude de Galicia é o cambio do actual modelo de participación xuvenil cara a “un verdadeiro” sistema de representación da mocidade*
- *O novo texto facilita a incorporación de todas as asociacións xuvenís ao Consello Asesor e Consultivo de Xuventude xa que se elimina o requisito actual polo que unha asociación non podía formar parte deste órgano sen contar co visto e prace das entidades preponderantes*
- *O Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia, como instrumento de planificación plurianual, considérase un elemento de grande importancia para a toma de decisións a medio prazo e pasará a ter un carácter vinculante, xa que se deberá tramitar como acordo do Consello da Xunta*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao proxecto de Lei de xuventude de Galicia, que responde a unha débeda pendente coa mocidade galega, xa que dende a aprobación do Estatuto de autonomía de Galicia no ano 1981, houbo varias tentativas de aprobar unha lei para a xuventude, sen que se chegase a obter ningún resultado.

O proxecto da Lei de xuventude de Galicia, promovido pola Consellería de Traballo e Benestar, garantirá a transversalidade administrativa das políticas da Xunta dirixidas á mocidade. O texto legisla a acción unitaria de goberno e a coordinación dos diferentes departamentos da Administración á hora de poñer en práctica medidas que afecten a xuventude. Esta planificación das políticas de mocidade efectuarase a través da elaboración en cada legislatura dun Plan Estratéxico de Xuventude, que pasará a ter un carácter vinculante, xa que se deberá tramitar como acordo do Consello da Xunta de Galicia.

Nesta materia, é necesario reforzar a transversalidade e coordinación das políticas públicas destinadas á xuventude. Deste xeito, o proxecto de Lei conta con dez eixes básicos vinculados ás directrices europeas en materia de xuventude e que deben ser potenciados a través da coordinación entre todos os axentes implicados. Estes eixes relaciónanse coa educación, emprego, creatividade e espírito emprendedor, vivenda, saúde e deporte, participación e asociacionismo, voluntariado, información e formación, mobilidade e turismo xuvenil, e normalización lingüística.

Ademais a nova lei crea dous instrumentos que farán posible a consecución dos obxectivos de unificar a normativa e reforzar a transversalidade das políticas de mocidade: o Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia e o Comité de Políticas de Xuventude de Galicia.

Unha das características máis salientables do proxecto de Lei de xuventude de Galicia é o cambio do actual modelo de participación xuvenil cara a “un verdadeiro” sistema de representación da mocidade. O texto propón a creación do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia, un órgano colexiado, independente e aberto a todas as asociacións xuvenís e grupos informais de mozos e mozas, que reforza e impulsa a participación da mocidade e da sociedade civil nos temas de interese para a xuventude.

Precisamente, o novo texto facilita a incorporación de todas as asociacións xuvenís ao Consello, xa que se elimina o requisito actual polo que unha asociación non podía formar parte deste órgano sen contar co visto e prace das entidades preponderantes. Tamén se facilita e se promove a creación dos consellos locais de xuventude, co obxectivo de achegar o novo modelo de participación e dar máis protagonismo aos concellos. As asociacións xuvenís e os consellos locais terán garantido con este proxecto unha representación de, polo menos, o 51% dos votos no Consello.

Ademais de fomentar a participación xuvenil, o proxecto tamén dota de máis competencias o Consello, ao asumir este as funcións do Observatorio Galego de Xuventude, que na actualidade depende directamente da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

O texto tamén prevé a creación da Escola Galega de Xuventude como órgano especializado na educación non formal relacionada coa mocidade. Esta escola velará polo nivel técnico das ensinanzas impartidas polas escolas de tempo libre, ademais de avaliar e conformar os cursos que impartan. Tamén elaborará a programación anual de cursos e actividades formativas para que teñan un carácter estratéxico e innovador, e emitirá os informes e realizará os estudos que se lle soliciten.

Maior coordinación

Outra das características desta lei é a creación do Instituto Galego de Xuventude como órgano técnico especializado, adscrito ao departamento competente, e que terá como misión a materialización dos principios de información á xente nova, formación continua en materia de mocidade e asesoramento técnico en políticas públicas de xuventude. A posta en marcha do Instituto non suporá a creación dun novo ente administrativo, senón que será unha configuración orgánica co nivel de subdirección xeral.

As funcións do Instituto da Xuventude de Galicia serán a coordinación da Rede Galega de Información Xuvenil; a planificación e supervisión das actividades formativas desenvolvidas pola Escola Galega de Xuventude; planificación, promoción, organización e coordinación de actividades destinadas á xuventude, directamente ou en colaboración con asociacións xuvenís ou outras administracións públicas, institucións e organismos públicos e privados; a coordinación, vixilancia e rexistro das instalacións xuvenís; e a xestión da Rede de Albergues Xuvenís de Galicia.

Ademais inclúe a coordinación das axudas para o acceso da xente nova a determinados bens e servizos a través do carné xove, entre outros instrumentos; o fomento e a promoción de intercambios e mobilidade dos mozos e mozas con outras comunidades autónomas e países estranxeiros; a emisión de cantos informes lle sexan solicitados polo departamento de adscrición; e todas cantas lle sexan atribuídas expresamente por disposicións de carácter legal ou regulamentario.

Doutra banda, o texto legislativo tamén dá resposta á necesidade técnica de unificar e harmonizar toda a normativa anterior, antes dispersa. Así, a futura lei derrogará a actual regulación do Consello da Xuventude de Galicia e o decreto polo que se creaba o Observatorio da Xuventude de Galicia.

Achegas da sociedade

Máis de 1.500 persoas, na súa gran maioría mozos e mozas de asociacións e grupos informais, participaron nos 39 foros de debate e encontros organizados pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, dependente da Consellería de Traballo e Benestar, para difundir e debater o texto do proxecto de Lei de xuventude de Galicia.

Ademais, a información sobre esta lei foi tamén enviada a todos os concellos da Galicia, ás asociacións xuvenís, ás escolas de tempo libre, aos 20.000 mozos e mozas da base de datos de usuarios dos programas de Xuventude e aos 6.000 seguidores dos perfís da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado nas redes sociais Facebook, Tuenti e Twiter.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE DUN TREITO DA ESTRADA PROVINCIAL ALLARIZ-MACEDA (OU-0108) A PROL DO CONCELLO DE MACEDA

- ***A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas sinala que a necesidade de cesión deste tramo se dá porque a vía adquiriu as características de treito urbano***
- ***A entrega completárase no prazo de dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o cambio de titularidade da estrada Allariz-Maceda (OU-0108) entre os puntos quilométricos 18+087 e 18+747, a prol do Concello ourensán de Maceda. Este traspaso faise necesario porque a vía adquiriu nese punto características de treito urbano. Para isto, a Consellería Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Dirección Xeral de Infraestruturas, estudou e considerou adecuado o cambio de titularidade de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes.

O tramo ten unha lonxitude total de 660 metros e pertence á rede de estradas da Deputación de Ourense.

A entrega da vía formalizarase no prazo de dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), mediante a sinatura da correspondente acta de entrega. O Concello de Maceda, a partir da formalización da entrega, deberá ser responsable de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía. Tamén se ocupará do exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que poida corresponderlle como nova Administración titular da estrada.

Este expediente tramitouse ao abeiro dos artigos 5 e 54 da vixente Lei de estradas do 14 de setembro de 1994, que establece que os cambios de titularidade das estradas se aproben por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

A XUNTA FACILITARÁ A REUTILIZACIÓN DA INFORMACIÓN DO SECTOR PÚBLICO POR PARTE DE CIDADÁNS E EMPRESAS

- ***O portal Abert@s será a plataforma de acceso a este catálogo de información pública en formato dixital e debidamente actualizado***
- ***Son datos do eido laboral, económico, xeográfico ou estatístico, entre outros, xerados pola propia Administración, e de gran valor pola súa fiabilidade e calidade que non estaban adaptados para seren empregados por terceiros***
- ***A Xunta súmase así as iniciativas de Open Data desenvolvidas a nivel nacional e internacional proporcionando o acceso a esta información de xeito libre***
- ***Con esta medida proporcionarase materia prima para o sector de contidos dixitais e ábrense novas oportunidades de negocio para emprendedores que poden crear aplicacións e prestacións con base nesta información***

A Xunta de Galicia publicará información de interese público da Administración galega e dos seus organismos en formatos abertos e estándar, para a súa reutilización por parte de cidadáns e empresas. Son datos xerados pola propia Administración e de gran valor pola súa fiabilidade e calidade pero que non estaban adaptados para seren empregados por terceiros ou ben dispersos. O portal Abert@s será a plataforma de acceso a este catálogo de información pública en formato dixital, debidamente actualizado e de acceso libre.

A iniciativa de Open Data supón un elemento xerador de emprego e riqueza ao abrir a posibilidade de novas oportunidades de negocio para emprendedores que poden crear novas aplicacións e prestacións con base nesta información. Ademais, esta información é especialmente relevante para a industria de contidos dixitais que atopará materia prima para crear novos produtos e servizos e aplicacións de valor engadido. Ademais, os axentes económicos e sociais poderán ter unha maior axilidade na toma de decisións ao dispoñeren de forma fácil e accesible a información administrativa, financeira, xurídica.

Aos cidadáns o Open Data ofrécelles a posibilidade de mellorar a súa información e coñecemento sobre as actividades das institucións públicas, e tamén se beneficiarán dos servizos que as empresas creen con base na reutilización desta información.

Entre as posibles aplicacións que as empresas e os cidadáns lle poden dar esta información están mapas de incidencias nas estradas, buscadores de oferta formativa, aplicacións para coñecer o estado das mareas, buscadores de farmacias de garda, mapas turísticos etc.

Catálogo inicial de información

As primeiras informacións que se publicarán no portal Abert@s serán arredor de 40 documentos de diferentes áreas de información. Por unha banda, datos de interese social e negocios e comercios que aglutina información de carácter económico (axudas, indicadores socioeconómicos, turismo (lista de aloxamentos, restaurantes, oficinas de turismo...) emprego (ofertas de emprego público, formación ocupacional, por sectores, sobre desemprego...) ciencia e tecnoloxía, deporte, sanidade, rexistro de negocios e comercios, seguridade, educación e cultura.

Por outra banda, aglutinará datos do eido da Administración pública como directorios (de equipamentos, organigrama, administracións locais) e contratación pública. Unha terceira área de información sería a do eido da xeografía e o ambiente con datos sobre a produción enerxética en Galicia, indicadores ambientais, a calidade da auga nas praias, a pesca ou a meteoroloxía.

Impulso da presenza na rede

Esta iniciativa forma parte do proceso de modernización da Administración pública e está recollida no decreto que regula a presenza da Administración pública na internet. O obxectivo é avanzar no Goberno aberto, aquel que promove unha participación efectiva a través das canles sociais e que pon á disposición da sociedade, de maneira libre, os datos que se xeran no ámbito da Administración pública e ademais a Administración dá un paso máis no cumprimento do principio de transparencia informativa.

Neste sentido, durante 2011, desenvolvéronse diferentes liñas de traballo como a publicación da sede electrónica, a creación do catálogo de portais e a guía de políticas corporativas e o impulso da presenza nas redes sociais.

A XUNTA APROBA A REPOTENCIACIÓN DE TRES APROVEITAMENTOS HIDROELÉCTRICOS NO RÍO XALLAS, QUE SUMAN UN INVESTIMENTO DE 38 MILLÓNS DE EUROS PARA A COMARCA SEN SUPOÑER NOVOS OBSTÁCULOS NO RÍO

- *Esta decisión está en consonancia cos principios recollidos no Plan Hidrolóxico Galicia-Costa,*
- *Os proxectos que se aproban cumpren co acordo do Parlamento de Galicia do 8 de febreiro de 2011, referente ás condicións para o outorgamento de novos aproveitamentos hidroeléctricos*
- *Trátase dos saltos de Novo Castrelo, da Fervenza II e de Ponte Olveira II, que aproveitan infraestruturas xa existentes*
- *Na modificación concesional auméntase a exixencia de caudal ecolóxico que debe circular polo río, o que suporá unha importante mellora ambiental*
- *Na actualidade en Galicia-Costa hai un total de 74 aproveitamentos en explotación, que implican a xeración de 1.737,48 GWh/ano de enerxía*
- *A Xunta sinala que o novo Plan Hidrolóxico Galicia-Costa marca un antes e un despois na política hidroeléctrica, posto que se prima a eficiencia e a optimización de aproveitamentos existentes fronte ao outorgamento de novas concesións*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe os proxectos sectoriais da modificación de tres aproveitamentos hidroeléctricos no río Xallas, que se corresponden concretamente co Salto de Novo Castrelo, A Fervenza II e Ponte Olveira II. Estes proxectos están promovidos por instancia da empresa Ferroatlántica, e tradúcense nun investimento para a comarca de 38 millóns de euros, xa que as modificacións destes saltos implican un orzamento de 24,3 millóns de euros e as novas subestacións previstas e as liñas de transporte e evacuación implicarán un investimento de preto de 14 millóns de euros.

Segundo as previsións que manexa a Xunta, as obras destes proxectos aprobados hoxe polo Consello da Xunta iniciaranse no último trimestre de 2012 e rematarán antes da finalización de 2014.

Cómpre sinalar que a aprobación destes tres proxectos é acorde cos principios que se sinalan no Plan Hidrolóxico Galicia-Costa, que fomenta a repotenciación de aproveitamentos xa existentes que teñan por obxecto a optimización da súa capacidade produtiva, sen que se produza a implantación dun novo obstáculo transversal no leito do río nin a capacidade de almacenamento do vaso.

Tamén se cumpre o acordo do Parlamento de Galicia do 8 de febreiro de 2011, referente ás condicións para o outorgamento de novos aproveitamentos hidroeléctricos. Neste caso incrementábase a potencia eléctrica instalada nun total de 19,74 Mw e a produción procedente das fontes hidráulicas verase aumentada en 47 GWh/ano, que se sumarán aos 119 GWh/ano que se producen actualmente nestes saltos que se optimizan. Isto permitirá un aforro adicional de 17.484 toneladas de emisión de CO₂ para producir a mesma enerxía se fose xerada nun ciclo combinado ou de 45.167 toneladas de CO₂ nunha central térmica de carbón.

O propio río tamén se verá beneficiado, xa que a modificación concesional tamén varía o réxime de caudais ecolóxicos exixido, incrementando os valores de caudais mínimos que se deben deixar circular polo seu leito.

As actuacións

As obras relativas a estes proxectos enmárcanse dentro da planificación 2008-2016 de Rede Eléctrica de España (REE) e prevén, ademais, a mellora da calidade da distribución eléctrica en toda a área xeográfica da Costa da Morte. Así, co obxecto de reforzar a rede de transporte e distribución da enerxía xerada polos aproveitamentos existentes e futuros, prevese a construción de dúas novas subestacións: a subestación de Ponte Olveira, destinada a elevar a tensión de transporte da enerxía procedente das centrais da Fervenza I, A Fervenza II, Ponte Olveira e Novo Castrelo; e a subestación de Santa Uxía, destinada a elevar a tensión de transporte da enerxía procedente das centrais de Carantoña, Santa Uxía, Novo Pindo e Castrelo.

En total estímase que a execución destas obras sustentará arredor de 700 postos de traballo directos e indirectos, con base nos 38,3 millóns de euros de investimento previsto.

O Plan Hidrolóxico

Dende a Xunta de Galicia destácase que o novo Plan Hidrolóxico Galicia-Costa marca un antes e un despois na política hidroeléctrica, posto que se prima a eficiencia e a optimización de aproveitamentos existentes fronte ao outorgamento de novas concesións.

Na actualidade en Galicia hai un total de 74 aproveitamentos hidroeléctricos en explotación, que implican a xeración de 1.737,48 GWh/ano de enerxía. Isto supón a non emisión de 646.342 toneladas de CO₂ ao ano para producir a mesma enerxía se fose xerada nun ciclo combinado ou de 1.669.718 toneladas de CO₂ nunha central térmica de carbón.

A XUNTA IMPULSA A IMPLANTACIÓN DUNHA LIÑA DE PRODUCCIÓN CON TECNOLOXÍA PIONEIRA NA INDUSTRIA DO AUTOMÓBIL EN REDONDELA

- ***O Consello da Xunta de Galicia aprobou a declaración de proxecto de incidencia supramunicipal para a implantación dunha liña de produción de compoñentes de automóbiles***
- ***O proxecto aprobado no Consello da Xunta xerará 200 postos de traballo e suporá 8,5 millóns de euros en investimentos***
- ***A Consellería de Economía e Industria continúa a súa aposta por apoiar un desenvolvemento dos principais sectores produtivos baseado na innovación, con especial atención á industria da automoción e as súas auxiliares***
- ***O proxecto consistirá na ampliación das instalacións da empresa Plastic Omnium dedicadas á fabricación de compoñentes do automóbil mediante a inxección de plástico, un novo proceso industrial único en España***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou a declaración de proxecto de incidencia supramunicipal para un novo proxecto industrial, no termo municipal de Redondela, destinado á implantación dunha liña de produción destinada á fabricación de compoñentes de automóbiles con tecnoloxía innovadora, pioneiro en España.

A Consellería de Economía e Industria continúa a súa aposta por apoiar un desenvolvemento dos principais sectores produtivos da industria galega baseado na innovación, prestando especial atención á industria da automoción e ás auxiliares que dependen dela.

A execución do proxecto levará consigo a creación duns 200 postos de traballo directos durante a fase de execución das novas instalacións e o seu mantemento na fase de desenvolvemento do proceso industrial, así como a creación de empregos indirectos, e suporá un investimento de preto de 8,5 millóns de euros, ata 2013.

Coa aprobación deste proxecto a Xunta impulsa o desenvolvemento dun novo proceso industrial que permitirá, tanto mellorar o rendemento da industria existente como atender a demanda dos centros de produción de automóbiles, favorecendo o crecemento económico da comarca.

O proxecto consistirá na ampliación das instalacións da empresa Plastic Omnium en Cedeira (Redondela), dedicadas á fabricación de compoñentes do automóbil mediante a inxección de plástico, co obxecto de desenvolver un novo proceso industrial único en España.

GALICIA É A PRIMEIRA COMUNIDADE DE EUROPA CUN PLAN ESTRATÉXICO DE ACUICULTURA TRAS A SÚA APROBACIÓN POLO GOBERNO DA XUNTA

- ***A Estratexia Galega da Acuicultura rexerá a xestión da acuicultura ata 2030 co obxectivo de relanzar esta actividade, xerando emprego e riqueza dunha forma equilibrada co respecto ambiental***
- ***A Consellería do Medio Rural e do Mar quere ter en funcionamento todas as ferramentas básicas desta estratexia plurianual antes de 2014***
- ***O seguinte paso será a aprobación do Plan Director de Acuicultura Litoral, que establecerá as condicións para a implantación destas actividades con criterios de eficiencia, sustentabilidade e calidade ambiental e paisaxística***

Galicia convértese, dende hoxe, na primeira comunidade de Europa en contar cunha folla de ruta que rexerá a planificación e xestión da acuicultura ata 2030, tras a aprobación da Estratexia Galega de Acuicultura. A Xunta pretende que todas as ferramentas básicas deste plan estratéxico plurianual para a actividade acuícola estean en funcionamento antes de 2014.

Este documento, impulsado pola Xunta e elaborado xunto con técnicos e expertos coñecedores do sector acuícola galego, ten como obxectivo fundamental o relanzamento da acuicultura, de forma que esta xere emprego e riqueza de xeito equilibrado co respecto e a integración ambiental. Fíxose en consonancia cos obxectivos marcados pola Unión Europea nesta materia na súa proposta de reforma da Política Pesqueira Común.

O desenvolvemento do plan está vinculado e conectado ás liñas xerais establecidas noutras ferramentas da planificación estratéxica do territorio galego, tales como as Directrices de Ordenación do Territorio e o Plan de Ordenación do Litoral e require da participación e coordinación de diferentes departamentos autonómicos e estatais.

A ESGA xira arredor de tres grandes liñas de orientación; ambiental, económica e social. No eido ambiental, inclúe medidas que van dende a preservación da biodiversidade e a integración paisaxística das instalacións ata a redución e mellora dos consumos enerxéticos ou de aproveitamento da auga. Economicamente búscase recuperar o liderado neste campo tras o freo da evolución na produción acuícola galega. No ámbito social, o plan persegue a dinamización das zonas costeiras e interiores con escasas alternativas de desenvolvemento.

Accións que se van desenvolver

As accións que se van desenvolver comprenden a modificación e complementación do marco normativo para acadar un elevado afianzamento da seguridade xurídica, que inclúen a aprobación da Lei galega de acuicultura, o Decreto de ordenación de parques de cultivo e a reforma da Lei de confrarías de pescadores de Galicia.

No marco organizativo, para unha maior axilidade e coherencia na xestión, a estratexia prevé a creación dun órgano centralizado de tramitación para axilizar e priorizar a tramitación de proxectos de instalacións de produción acuícola e a redefinición de funcións e competencias de agrupacións de mariscadores. Ademais, crearase o Comité Técnico de Acuicultura, co obxectivo fundamental de asesorar a Administración no deseño e aplicación de medidas vinculadas a este sector. Estará composto por expertos do sector acuícola das universidades galegas e organismos científicos relacionados coa acuicultura. Tamén se porá en marcha o Observatorio Galego de Mercados de produtos acuícolas, para abordar o estudo dos mercados nacionais e internacionais real ou potencialmente destinatarios dos nosos produtos.

Unha vez aprobada inicialmente a ESGA, o seguinte paso será a aprobación do Plan Director de Acuicultura Litoral, que establecerá as condicións para a implantación destas actividades con criterios de eficiencia, sustentabilidade e calidade ambiental e paisaxística. En canto á planificación integral da actividade comprende outras ferramentas como o Plan de ordenación dos cultivos en zona marítima para a ordenación integral da zona marítima, o Plan de ordenación dos cultivos en zona marítimo-terrestre para que a actividade marisqueira evolucione nunha faceta máis da acuicultura mediante a realización de labores de cultivo e o Plan Estratéxico do Mexillón, de cara a orientar ao conxunto empresarial mexilloeiro galego cara a un futuro de competitividade e estabilidade.

Considerando a importancia que ten a investigación para a acuicultura galega faise tamén preciso un Plan Estratéxico da I+D+i, orientado a conseguir avances nas liñas fundamentais de investigación e desenvolvemento marcadas en aspectos como xenética, nutrición, patoloxías, rastrexabilidade e seguridade alimentaria e automatización e deseño de instalacións, tanto na produción de moluscos como de peixes.

No ámbito formativo, a ESGA aposta por un programa amplo de formación dende diversos ámbitos a través de organismos como o Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), o Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGafa) e as universidades de Galicia. Ademais prevé a adecuación dos plans de estudo ás novas necesidades e tendencias do mercado laboral.

A Xunta someterá a información pública a ESGA para que a cidadanía poida consultar esta información e realizar as súas achegas a través da páxina web www.intecmar.org/esga.

A XUNTA COLABORA CON FARMACÉUTICOS MUNDI EN ACTUACIÓNS DE ACCIÓNS HUMANITARIA E EMERXENCIAS

- ***A Xunta colabora con Farmacéuticos Mundi no eido das emerxencias e a acción humanitaria dende o ano 2009***
- ***O importe do convenio que hoxe aprobou o Consello da Xunta é de 50.000 euros***
- ***O II Plan Director da Cooperación Galega identifica a axuda humanitaria e de emerxencia como unha prioridade sectorial dentro da cooperación***

O Consello da Xunta aprobou, na súa reunión de hoxe, o convenio de colaboración con Farmacéuticos Mundi para actuacións de acción humanitaria e emerxencias para este ano 2012. O importe do convenio ascende a 50.000 euros.

O obxecto deste convenio atender as necesidades máis urxentes das poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural ou humana, con especial atención aos colectivos máis vulnerables, mediante a provisión inmediata de bens e servizos para a súa supervivencia, e materiais de primeira necesidade.

A Xunta vén colaborando con Farmacéuticos Mundi para a atención de actuacións de emerxencia e acción humanitaria dende o ano 2009, en que mediante o convenio asinado entre a Xunta e a ONG se deu resposta urxente a unha crise sanitaria en Kenia, enviouse material de primeira necesidade á Franxa de Gaza, e asistiuse a poboación filipina tras o paso do furacán Ketsana.

No ano 2010, o importe do convenio destinouse case integramente a tentar paliar os devastadores efectos do terremoto e a posterior epidemia de cólera en Haití. No ano 2011, o convenio asinado entre Farmacéuticos Mundi e a Xunta permitiu atender a poboación somalí desprazada pola fame e a violencia aos campos de refuxiados de Dabaad, así como atender as necesidades máis urxentes da poboación salvadoreña e nicaraguana afectada polas intensas chuvias acaecidas nestes países.

O II Plan Director da Cooperación Galega identifica a axuda humanitaria e de emerxencia como unha prioridade sectorial dentro da cooperación, que se pode executar de forma directa ou a través dos diferentes actores da cooperación, como é o caso de Farmacéuticos Mundi.

Ademais, no Plan Anual de Cooperación Galega para o ano 2012 establececese como obxectivo contribuír á mellora das condicións de vidas das poboacións afectadas por crises humanitarias, desastres e conflitos, garantindo a preparación previa, e os traballos de rehabilitación e reconstrución, mediante a mellora da calidade da axuda.

Unha das actuacións planificadas para operativizar é a xestión dun fondo de emerxencias, dotado material e economicamente, que permita dar resposta rápida e eficaz ante emerxencias, mellorando así a axilidade e eficacia ante emerxencias, e a axilidade e eficacia da resposta humanitaria galega, facéndose efectivo este fondo grazas ao acordo de colaboración establecido con Farmacéuticos Mundi.

CULTURA E EDUCACIÓN ASUME O RETO DE AVANZAR NUN SISTEMA BIBLIOTECARIO DE CALIDADE COAS LIÑAS ESTRATÉXICAS DE 2012

- *A consellería presentou hoxe no Consello da Xunta as iniciativas que poñerá en marcha este ano no Sistema de Bibliotecas de Galicia*
- *Entre as actuacións para este ano destacan a aprobación da Lei de bibliotecas, o desenvolvemento do regulamento do depósito legal e a elaboración do Mapa de Bibliotecas Públicas*
- *Investirase, ademais, na animación á lectura e na dinamización cultural, e reforzase o papel da Biblioteca de Galicia como centro de referencia*
- *A Xunta impulsa un proceso de planificación e promoción para adaptar as bibliotecas ás necesidades culturais, de información e de ocio da cidadanía*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria presentou hoxe no Consello da Xunta as liñas estratéxicas do Sistema de Bibliotecas de Galicia para o ano 2012, concretamente na Rede de Bibliotecas Públicas e na Biblioteca de Galicia. As actuacións que se propoñen, no marco dun proceso de planificación e promoción bibliotecaria, teñen como obxectivo avanzar na obtención de servizos bibliotecarios de calidade, adaptados ás actuais necesidades culturais, de información, formación e ocio da cidadanía, así como garantir o dereito dos galegos a accederen en condicións de igualdade á cultura, á lectura e ao coñecemento.

As liñas estratéxicas para o sistema bibliotecario galego en 2012 baséanse na calidade, na planificación, na eficiencia e na visibilidade. Como elementos motrices para este ano destacan a aprobación da nova lei de bibliotecas e o desenvolvemento do regulamento do depósito legal. Ademais, está previsto publicar o Censo de Bibliotecas de Galicia e elaborar e difundir o Mapa de Bibliotecas Públicas. Tamén se continuará co investimento en formación do persoal bibliotecario e coa potenciación das coleccións, mediante a actualización e o incremento de fondos. O impulso á realización de actividades de fomento da lectura e de dinamización cultural nas bibliotecas será outra das prioridades para 2012, ano en que tamén se traballará para reforzar o papel da Biblioteca de Galicia como centro de referencia do sistema bibliotecario galego.

Novo marco normativo

Os cambios dos sistemas bibliotecarios e das necesidades dos usuarios exixen o establecemento dun marco normativo actualizado que lle garanta á cidadanía servizos de calidade adaptados aos novos tempos. Para isto, a Xunta de Galicia ten previsto aprobar este ano unha nova lei de bibliotecas que estableza un marco legal adecuado que garanta uns servizos de calidade e que articule o sistema bibliotecario galego.

Doutra banda, agora que xa está aprobada a Lei estatal de depósito legal, deberase establecer seu marco normativo autonómico, que terá como obxectivo prioritario a difusión do patrimonio bibliográfico, sonoro, visual, audiovisual e dixital de Galicia e a súa conservación para favorecer a súa consulta e uso. A aplicación da lei comporta cambios como o da figura do suxeito depositante principal, que pasa a ser o editor en lugar do impresor, ou a cantidade de exemplares que deberán entregar, que se reduce. Os recursos electrónicos en liña e os portais web tamén serán obxecto de depósito legal.

Instrumentos de análise e avaliación

Co obxectivo de contar cunha información completa, actualizada e contrastada da realidade dos centros da Rede Galega de Bibliotecas, propónse a elaboración e a publicación anual do Censo de Bibliotecas. Así mesmo, para facilitar unha mellor concreción dos criterios de calidade da rede e favorecer o traballo planificado, elaborárase o Mapa de Bibliotecas Públicas de Galicia. Este instrumento permitirá coñecer a realidade das bibliotecas da rede, como paso previo para definir as actuacións e prioridades da acción pública en materia de servizos bibliotecarios.

A Biblioteca de Galicia, centro de referencia

A Biblioteca de Galicia da Cidade da Cultura ten como misión fundamental a recollida, recuperación e difusión do patrimonio bibliográfico e de toda a produción bibliográfica que se realice tanto en Galicia como no resto do mundo, en lingua galega e tamén noutros idiomas cando sexa de especial interese para a nosa Comunidade Autónoma. Co obxectivo de continuar potenciando este centro, ao longo de 2012 aumentarase a visibilidade da Biblioteca de Galicia a través da biblioteca dixital Galiciana, comezará a funcionar a Biblioteca Central de Préstamo, facilitarase o acceso ao Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico de Galicia e impulsarase a doazón, o depósito e a troca de fondos bibliotecarios.

Deste xeito, entre as últimas achegas de fondos á Biblioteca de Galicia destacan os fondos de Isaac Díaz Pardo, o depósito de fondos sonoros da produtora Clave Recórd; o fondo hemerográfico de diversos xornais; a biblioteca de Luís Losada Espinosa (fillo de Antón Losada Diéguez); a Biblioteca de Ciencias da Terra Rodolfo Núñez de las Cuevas; a Biblioteca da Muller, Sección Concepción Arenal; a Biblioteca do CGAI; e os fondos da biblioteca do Sergas, entre outros.

Web 2.0 e redes sociais

As tecnoloxías da información e da comunicación son ferramentas básicas para o noso desenvolvemento, polo que co obxectivo de situar as bibliotecas públicas galegas como mediadoras cualificadas entre o usuario e as súas necesidades informativas, educativas, de formación e de ocio, levaranse a cabo novos proxectos de desenvolvemento informático. Con este obxectivo, dotaranse todas as bibliotecas galegas dun software

adequado ás novas demandas e posibilidades tecnolóxicas que lle permitirán ao usuario acceder á información a través da web 2.0. Ademais, promoverase o aproveitamento das redes sociais para mellorar a difusión dos servizos e o achegamento das bibliotecas á cidadanía.

Mellora de servizos e contidos

Para aumentar a calidade, a eficiencia e a proxección dos centros da Rede de Bibliotecas de Galicia, a Consellería de Cultura e Educación organizará cursos de formación para os seus profesionais, impulsará un programa de actividades culturais e de animación á lectura para todos os públicos e realizará actividades de fomento da lectura e do libro galego.

Outra das prioridades para este ano 2012 será a mellora dos servizos bibliotecarios de Galicia a través da promoción da oferta e da actualización de contidos. Para isto, favorecerase a adquisición de novos fondos, reforzarase a presenza da produción editorial galega e apostarase pola diversificación de formatos, facendo especial fincapé na introdución do libro electrónico.

Coa posta en marcha en 2012 destas actuacións, a Xunta de Galicia quere dar novos pasos para responder ás necesidades actuais en materia bibliotecaria e para avanzar na dotación de servizos e proxectos culturais nos centros do Sistema de Bibliotecas de Galicia.

O SERVIZO DE DIÁLISE DO HOSPITAL DA BARBANZA É O PRIMEIRO DE ESPAÑA EN OBTENIR A CERTIFICACIÓN COA NORMA UNE 179.003 DE XESTIÓN DE RISCOS PARA A SEGURIDADE DO PACIENTE

- *Así mesmo, o 061 de Galicia obtivo o Selo de Excelencia 300+ da Fundación Europea para a Xestión da Calidade*
- *Estes dous recoñecementos reforzan a aposta do departamento que dirixe Rocío Mosquera pola calidade dos servizos asistenciais*

O Consello da Xunta de Galicia, reunido no día de hoxe, abordou un informe da Consellería de Sanidade en que se dá conta dun informe no cal se sinala que o Servizo de Diálise do Hospital da Barbanza foi o primeiro de España en obter a certificación coa norma UNE 179.003 de xestión de riscos para a seguridade do paciente. O obxectivo desta norma é establecer un sistema de xestión de riscos derivados da prestación dos servizos sanitarios co fin último de acadar unha asistencia máis segura para o paciente, evitando ou, se é caso, controlando eses riscos de xeito que non cheguen a producir dano aos pacientes.

O Servizo de Diálise do Hospital da Barbanza convértese así no primeiro que obtén a certificación conforme a norma indicada en todo o Sistema Nacional de Saúde, o que constitúe toda unha garantía para os pacientes que teñen asignado este hospital como centro de referencia.

No informe hoxe tratado no Consello tamén se sinala que a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, obtivo o Selo de Excelencia 300+ da Fundación Europea para a Xestión da Calidade (EFQM), o que supón un recoñecemento da posta en marcha de diversos procesos que repercuten tanto na xestión dos recursos como na calidade asistencial prestada a toda a poboación galega.

Mediante este proceso de recoñecemento, a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, identifica o seu nivel de xestión e desenvolve unha estratexia de mellora continua. Xa no ano 2009 o 061 de Galicia foi recoñecido co selo de "Compromiso coa Excelencia", por obter máis de 200 puntos no proceso de autoavaliación levado a cabo, o que eleva a cualificación desta entidade como prestador de servizos asistenciais.

Estes dous recoñecementos ao departamento que dirixe Rocío Mosquera Álvarez veñen de reforzar a aposta da Administración sanitaria galega pola calidade dos servizos asistenciais, e enmárcanse no obxectivo recollido na Estratexia Sergas 2014 de garantir a prestación dos servizos en lugar e tempo adecuados, cos niveis de calidade e seguridade comprometidos.

Con esta política de calidade preténdese garantir o compromiso de mellora da seguridade dos pacientes, a sistematización e control dos procesos asistenciais, así como o seguimento e cumprimento dos obxectivos de seguridade establecidos. Esta estratexia está en liña coa Organización Mundial da Saúde e outros organismos internacionais que recomendan a implantación de sistemas de xestión de riscos para a mellora da seguridade dos pacientes.

O Sergas seguirá coa implantación da norma UNE 179.003 noutros centros asistenciais, tratando de consolidar o nivel de excelencia acadado para manter as certificacións obtidas e avanzar na consecución de novas certificacións ou na mellora da puntuación.